

## Ponç Pons

### PANORAMA CON HOME

A Miquel Àngel Riera

Escribías con lapis, grababas palabras  
con precisa paixón como quen fai un molde.  
Amabas o mundo, Roser, os fillos, tiñas  
unha fasquía señorial de moi tenro sorriso,  
sempre tan concentrado e pendente da vida.  
Lémbrote nunha noite eivisenca sentados  
no sofá dun hotel conversando ata moi tarde  
sobre o ben e sobre o mal da Literatura.  
Gostábache moito Bach. Dixéchesme: "Se pui  
dese  
deixaba de escribir para compoñer música",  
e coa prosa fixeches irreductíbeis cantatas.  
Gostábache moito Vermeer, querías, fascinado,  
pintar vivos retábulos da alma humana  
convencido de que Deus é puro amor e beleza.  
Lémbrote emotivo e agradecido ao final  
daquel fío telefónico uns días antes  
de morreres discreto e cun ricto de pena.  
Sei que non has de vir cear a Macaret  
nin iremos ao Toro na noite menorquina.  
Teño colgada a foto que nos fixemos en Dejá.  
Cando leo os teus versos paréceme sentirte.  
Sen ti o panorama é máis frío e máis gris.  
O sol de Illa Flaubert apagouse e chove terra.

### PANORAMA AMB HOME

A Miquel Àngel Riera

Escrivies amb llapis, gravaves paraules  
amb precisa passió com qui fa paret seca.  
Estimaves el món, na Roser, els fills, tenies  
un posat senyorial de tendríssim somriure,  
sempre tan concentrat i pendent de la vida.  
Et record una nit eivissenca asseguts  
al sofá d'un hotel conversant fins molt tard  
sobre el bé i sobre el mal de la Literatura.  
T'agradava molt Bach. Em vas dir: "Si pogués,  
deixaria d'escriure per compondre música",  
i amb la prosa vas fer irreductibles cantates.  
T'agradava molt Vermeer, fascinat volies  
pintar vívids retaules de l'ànima humana  
convençut que Déu és pur amor i bellesa.  
Et record emotiu i agraït al final  
d'aquell fil telefònic uns dies abans  
de morir-te discret amb un rictus de pena.  
Sé que ja no vindràs a sopar a Macaret

ni anirem junts al Toro cap nit menorquina.  
Tenc la foto penjada que ens vam fer a Deià.  
Quan llegesc els teus versos em sembla que et sent.  
Sense tu el panorama és més fred i més gris.  
El sol d'Illa Flaubert s'ha apagat i plou terra.